

PROGRAMA

AGRUPACIÓN CULTURAL "AIRIÑOS DE CANEDO" (OURENSE) .

1. FOLIADA DA RABEDA – Canción popular.
2. VIRXE DO PORTOVELLO – Manuel de Dios.
3. LA SIRENA – Rey Rivero.
4. EU PASEI O PORTONOVO – Manuel de Dios. Canción popular.

Dirixe: SANTIAGO GONZÁLEZ .

CORAL ABRAIRA (RIANXO) .

1. UN VIEJO AMOR - Alfonso Esparza – J.A. Olbeira.
2. SALIÓ DE JAMAICA – Harm.: M. Ángel Viro.
3. DON GEL DE ALCALÁ – M. Penella.
4. YO QUIERO SER MARINERO – M. Celdrán. Harm.: Francisco Rey Rivero.

Dirixe: XOÁN XOSÉ RODRÍGUEZ .

CORAL VOCES DEL MAR (SUANCES, CANTABRIA) .

1. PASEANDO POR EL VIEJO MALECÓN – Rosa María Tarruell. Harm.:Gonzalo.
2. MI MARINERO – Miguel Ángel Samperio. Cancioneiro popular de Cantabria.
3. MEU AMOR É MARIÑEIRO – Fuxan Os Ventos.
4. RENACES TÚ – Arturo Dúo Vital.

Dirixe: JESÚS CARMONA .

CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE (A CORUÑA) .

1. O CARRO – Letra: M. María. Música: Fuxan Os Ventos. Harm.: Nico Matteo.
2. CANÇÃO DO PESCADOR – Fernando Moutinho. Harm. Mario de Sousa Santos.
3. COLORADIÑA – Harm.: Rey Rivero. Canción popular.
4. FLOR TROPICAL - Rey Rivero. Habanera.

Dirixe: TAREIXA FACAL AMADO .

XVIII CERTAME DA CANCIÓN MARIÑEIRA

Sábado, 27 de xullo

ás 20.00 horas

Praza de Ramón Juega

Corais participantes:

- Agrupación Cultural "Airiños de Canedo" (Ourense)
- Coral Abraira (Rianxo)
- Coral Voces del Mar de Suances (Cantabria)
- Coral Polifónica Municipal Atalaia de Laxe

Ano 2019

Organizan:



Concello de Laxe

Asociación Cultural de Amigos da Coral Polifónica Municipal Atalaia de Laxe

Colabora:



Rede Cultural da
Deputación
DA CORUÑA

AGRUPACIÓN CULTURAL “AIRIÑOS DE CANEDO” (OURENSE)

Nace oficialmente en setembro de 1987 por iniciativa duns simpatizantes da música. Estivo dirixida e alentada ata 1992 por D. Antonio Fernández León, párroco de San Miguel de Canedo. A partir de entón, tomou a dirección do grupo D. Tino Veiga ata finais do 2017, estando actualmente dirixida por D. Santiago González.

A día de hoxe, esta **agrupación** está **composta por 27 membros**, entre voces e instrumentos de corda e púa. Está presidida por M^a Victoria Isabel Balvis.

Entre as **actuacións máis importantes**, destacan:

- Misas no Santuario de Covadonga – Asturias, na TVG e na Catedral de Oviedo.
- Concerto no Auditorio “Príncipe Felipe” de Asturias, con motivo do Día de Galicia
- Varias participacións en xuntanzas de corais e rondallas.
- Varios concertos na A.V.V. de San Miguel de Canedo.
- Encuentros de Panxoliñas
- Actuacións en honra a Manuel de Dios no Liceo de Ourense.

Dirixe a coral D. SANTIAGO GONZÁLEZ .

CORAL ABRAIRA (RIANXO)

A agrupación creouse o 16 de xaneiro do 2001 dentro do Centro Cultural Simón Varela de Asados.

Dende a súa fundación, o grupo pretendeu ofrecerlle ó público unha gran variedade de temas, polo que o seu repertorio, está composto tanto por música tradicional galega e panxoliñas, como por habaneras, boleros e música relixiosa.

Entre os seus moitos concertos, lembran de xeito especial o de Nadal de 2001, no que estiveron acompañados pola arpa de Roi Casal, compoñente do grupo Milladoiro, e polas guitarras de Gabri, Marcos e Vicente.

Dende o mes de maio de 2004, o grupo está a ser dirixido polo profesor Xoán Xosé Rodríguez, co que teñen participado en numerosas misas, vodas, actos xerais de ánimas, festivais e concertos de panxoliñas.

Todos os anos, organiza o “Festival de Corais de Arousa e Ulla”, que, este ano, vai pola XIV edición.

Suman máis do cento de actuacións nas que interviu a Coral Abraira de Asados, xa que os membros do grupo acoden a elas cheos de ilusión e gañas, agardando sempre que estes encontros sexan só o principio dunha longa amizade.

Dirixe a coral D. XOÁN XOSÉ RODRÍGUEZ .

CORAL VOCES DEL MAR (SUANCES, CANTABRIA)

Conxunto coral de voces mixtas fundado en 1986.

O seu primeiro director foi Manuel Egusquiza, **sendo dende entón, a súa presenza constante en numerosas convocatorias corais da rexión, pero igualmente doutras comunidades** tales como: Andalucía, Aragón, Asturias, Castela-León, Galicia, Madrid, Navarra, País Vasco, ou, mesmamente, Francia (Burdeos).

Alguns dos momentos máis importantes da súa traxectoria son resultar gañadores do V Concurso da Canción Popular de Cantabria no 2005 e interpretar no 2007 e 2008 a IX Sinfonía de Beethoven xunto á Orquestra Sinfónica de Restov (Rusia).

De 2016 é a edición do seu 31 rexistro: “Buscando las músicas del mar”.

O seu repertorio **interésase por diferentes músicas históricas, pero, igualmente, por autores máis cercanos no tempo. Nesta esfera, ten particular importancia a tarefa que se ten proposto “Voces del Mar” de ser intérprete das distintas xeracións de músicos corais de Cantabria do século XX:** dende Otaño, Prieto, ata Samperio, Nobel Sámano o Mier, e os máis recentes de San Vélez, Fernández ou carmona.

Protagonizan estreas absolutas de obras de raíz cántabra de importantes autores corais da actualidade como Miguel Manzano, Juan Alfonso García e Luis Elizalde.

Son organizadores de “Coralía”, ciclo de concertos que, dende o 2008, reúne a algúns dos máis destacados protagonistas do contexto coral español.

Dirixe a coral D. JESÚS CARMONA .

CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL ATALAIA DE LAXE

A agrupación **nace no ano 2001, baixo o amparo do Concello de Laxe.**

Na actualidade, está composta por 34 voces mixtas.

Durante estes anos, **ten actuado en gran parte de Galicia**, destacando a súa participación no Festival de Habaneras de A Coruña; a súa representación da Costa da Morte, en A Capela, con motivo da catástrofe do “Prestige” e a súa proclamación no ano 2015, como gañadora do XV Certame de Corais en Ourense.

Fóra de Galicia, ten actuado nas comunidades de Asturias, Cantabria, Castela-León, Extremadura e Madrid. Tamén en distintas cidades de Portugal, así como en Mendoza e Bos Aires (Arxentina).

Organiza dous encontros corais en Laxe: o **“Certame da Canción Mariñeira”** en xullo e o **“Festival de Panxoliñas”** en decembro.

Conta na actualidade cun repertorio variado e en continua progresión, con todo tipo de estilos musicais.

Grazas á xestión do Concello de Laxe e ás aportacións recibidas da Deputación e Estudio MANS de A Coruña, **gravou o seu primeiro CD: “Sons da Terra”, no ano 2006.**

Dirixe a coral Dna. TAREIXA FACAL AMADO .